


A ARTISTA

Xoana Abreira de Bernardo (Pousadoira (Miño), 2002) traballa vinculada ao territorio que a rodea, creando prácticas contextuais nas que toman protagonismo cuestións como a memoria e o arquivo, a historia, as loitas sociais, os espazos que habitamos/ocupamos... todo elo vehiculado a través de relatos próximos a ela e dunha metodoloxía que xira entornó á investigación, poñendo de manifesto a súa relación coa estética da pancarta, da cartellaría e empregando mapas e cartografías tanto durante o proceso creativo como nas pezas finais.

O proxecto "O oficio de lavar: unha cartografía sensible" foi gañador do Premio Egeria á inclusión de perspectiva de xénero nos Traballos de Fin de Grao do curso 2023/2024 e do Premio Valedora do Pobo mellor traballo de fin de grado en materia de igualdade e dereitos das mulleres.

 @nv__cha

 <https://nucha.hotglue.me/>



Luns a venres



De 9 a 14h e de 16 a 20h



@BAMbetanzos



<https://bam.betanzos.gal>



O OFICIO DE LAVAR UNHA CARTOGRAFÍA SENSIBLE

Comisaria

Xoana Abreira de Bernardo

Museo das Mariñas

Exposición temporal



Este proxecto parte dunha conversa da artista coa súa avoa, a respecto dos espazos de lavado que ela frecuentaba na nenez e xuventude.

Nun comezo a investigación céntrase no territorio da vila da Coruña para posteriormente realizarse esta adaptación ao contexto de Betanzos, indagando na historia do lavado da roupa desta vila na que destacou e destaca a estrutura do lavadoiro das Cascas, inaugurado no 1902 e que podía acoller arredor de 35 lavandeiras, contando mesmo cunha sala de descanso destinada ao coidado das crianzas.

Da mesma maneira, faise un mapeo doutros lavadoiros que se atopaban na contorna de Betanzos, construíndo unha das pezas do proxecto onde se reflexa un mapa sensible, non hexemónico, composto polas correntes de auga da vila e polos espazos destinados ao lavado da roupa. Esta peza foi elaborada nun tear, da mesma maneira que moitas destas mulleres eran tamén tecedoras, costureiras, bordadoras...

O atado de roupa leva a cifra 30kg. bordada xa que este traballo, lonxe de ser unha tarefa livián, requiría unha alta capacidade física, posto que estas mulleres podían cargar sobre a súa propia cabeza ate 30 kilos de roupa. A pesar da dureza do traballo o certo é que as taxas que cobraban as lavandeiras asalariadas polo seu traballo eran moi baixas e representaban a escasa valoración que había deste oficio.



O xerme da idea está na conversa coa avoa da artista, quen lle fala dun lavadoiro propio da casa de Pousadoira, a aldea na que naceu e na que viviu ate os sete anos, o cal se atopaba nun prado da casa que contaba cun regato de auga ao que ía lavar xunto coa súa nai. Cando a avoa marchou de Pousadoira, fai arredor de setenta anos, este lavadoiro quedou abandonado. Despois de indagar o lugar exacto da súa localización, Xoana atopouno e, tras destapalo da maleza, foi quen de desenterrar a pedra que permanecía agochada. Deste símbolo realizou dúas fotografías analóxicas que forman parte da exposición.

Por último, cabe mencionar que os distintos espazos dedicados ao lavado da roupa da vila de Betanzos compoñían parte do tecido social deste territorio, funcionando como un lugar de encontro, intercambio de saberes e de relación entre as mulleres do lugar. A través dunha serie de fotografías de arquivo componse unha cartografía aberta na que se relacionan imaxes de arquivo, información e notas de prensa a respecto dos lavadoiros, compoñendo de novo un mapa que plasma a relevancia que tiña este traballo nesta contorna

